



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación dos acordos organizativos da nova Corporación»
Data	4 de xullo de 2019
Duración	Desde as 19:30 ata as 20:15 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	NON
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33317872A	Maria Pilar Vazquez Ares	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ: «Ausencia xustificada»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Dar conta dos decretos de alcaldía de data 19/06/2019 sobre nomeamentos de tenentes de alcalde, delegacións en concelleiros/as, e designación de membros da Xunta de Goberno Local

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto



Secretario da conta dos seguintes Decretos de alcaldía:

“DECRETO DE DATA 19/06/2019. NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO. - Nomear Tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde.
Don Carlos Plácido Buján López, segundo tenente de alcalde.
Dona Laura Ageitos Miragaya, terceira tenente de alcalde.
Don Iván Morado Corral, cuarto tenente de alcalde.

SEGUNDO- Aos tenentes de alcalde corresponderalles substituír á Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións. Exercerán as

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

competencias previstas no artigo 47 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, nos termos que no mesmo se detallan, e coas limitacións impostas polo artigo 48 do mesmo texto legal. Todo elo, sen prexuízo daquelas outras competencias que lle podan ser atribuídas por delegación, consonte coa normativa legal en vigor.

TERCEIRO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.”

“DECRETO DE DATA 19/06/2019. DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN CONCELEIROS/AS

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar as delegacións que se sinalan nas seguintes materias competencia da Alcaldía:

A dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde, delegación nos asuntos de Medio rural e Medio ambiente.

A don Carlos Plácido Buján López, segundo tenente de alcalde, delegación dos asuntos de Coordinación de obras e servizos nas parroquias.

A dona Laura Ageitos Miragaya, terceira tenente de alcalde, delegación nos asuntos de Benestar social.

A don Iván Morado Corral, cuarto tenente de alcalde, delegación nos asuntos de Xuventude e Deportes.

A dona Ainara Pérez Losada, delegación nos asuntos de Cultura.

A dona María Pilar Vázquez Ares, delegación nos asuntos de Turismo.

SEGUNDO.- As delegacións comprenden todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións coa excepción das que segundo a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local son materias non delegables. Os delegados terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda. As facultades que se delegan son a dirección interna dos servizos correspondentes e a xestión en xeral dos asuntos con eles relacionados, con facultades de estudo e proposta dos asuntos. A delegación inclúe a dirección dos actos ordinarios de trámite administrativo e ordenar a tramitación de expedientes en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

TERCEIRO.- A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do/a delegado/a. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo o/a membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación. A revogación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.”

“DECRETO DE DATA 19/06/2019. NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

(...) RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, que estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras da Corporación:

Presidenta:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa.

Vogais:

Dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde.

Don Carlos Plácido Buján López, segundo tenente de alcalde.

Dona Laura Ageitos Miragaya, terceira tenente de alcalde.

Don Iván Morado Corral, cuarto tenente de alcalde.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local terá asignada as seguintes atribucións:

a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:

1. En materia económica:

-O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas (fase O) a partir de 10.000 euros, así como a ordenación de pagos (fase P) de todas as obrigas recoñecidas pola Xunta de Goberno, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, as disposicións de desenvolvemento, e as bases de execución do orzamento municipal.

- A aprobación das bases e convocatorias para ou outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo; e o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal.

-Aprobación das modificacións orzamentarias de competencia de alcaldía.

-Aprobación dos recoñecementos extraxudiciais de créditos de competencia de alcaldía.

2. En materia de persoal:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.

-A aprobación das bases e das convocatorias para a selección de empregados públicos, e para os concursos de provisión de postos de traballo, e o nomeamento do/s candidato/s proposto/s polo Tribunal de valoración.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

-A incoación e resolución de expedientes disciplinarios aos empregados públicos municipais conforme á normativa de aplicación, e a adopción das medidas cautelares que procedan.

3. En materia de urbanismo e obras:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

-O outorgamento de licenzas urbanísticas de actividades e obras maiores, obras de edificación, licenzas de segregación ou parcelación, e licenzas de primeira ocupación ou primeira instalación; así como as liquidacións ou autoliquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

- A incoación e resolución de expedientes de disciplina urbanística, tanto sancionadores como de reposición da legalidade urbanística.

4. En materia de contratación administrativa:

- As contratacións de obras, de subministracións, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, engadidos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

- As concesións sobre bens e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe ni a contía indicados. Deléganse as facultades de incoación do expediente, aprobación do expediente (pregos e gasto) e adxudicación do contrato, correspondendo á alcaldía, por motivos de eficacia e celeridade administrativa, o resto de facultades e trámites previos e posteriores.

-Os contratos menores corresponderan á alcaldía por motivos de eficacia e celeridade administrativa.

5. En materia de servizos sociais:

-Aprobación das altas, baixas e modificación de horarios dos usuarios dos servizos municipais de Punto de Atención á Infancia, Servizo de Axuda no Fogar e Centro de Día, así como as liquidacións tributarias que levan asociadas, sen prexuízo da fiscalización posterior por intervención municipal.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

TERCEIRO.- Consonte co disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, dentro dos dez días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.

Ao abeiro do antedito precepto, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o primeiro e terceiro mércores hábil de cada mes, ás 10.30 horas. De non reunirse quórum suficiente ou de ser festivo o día sinalado, celebraranse en segunda convocatoria o seguinte mércores á mesma hora. Cando por necesidades municipais ou por motivo de axenda dos membros do órgano non se poda celebrar sesión na data correspondente, a alcaldía poderá convocala para outra data.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.”

“DECRETO DE DATA 1/07/2019 DE MODIFICACION DO DECRETO DE DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN CONCELEIROS/AS

“RESOLVO: (...)PRIMEIRO.- *Modificar o decreto de alcaldía de data 19/06/2019 de delegacións de alcaldía en concelleiros/as no seguinte sentido:*

-Outorgar a dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde, a delegación nos asuntos de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior.

O resto do decreto mantén a súa redacción orixinal.

SEGUNDO.- *O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.”*

O voceiro do grupo PP dá os parabéns ao novo equipo de goberno. Esperemos que nesta nova lexislatura exista un consenso entre todos e que sexamos respectados o máximo posible e que non existan diferencias. Dizer que non recibimos a convocatoria coa orde do día e onte non podíamos ver en Gestiona nin as actas da Xunta de Goberno Local nin os Decretos, non se podía ver nada.

O secretario aclara que con Gestiona non é necesario enviar toda a documentación por enderezo electrónico, e que solo se poden ver as actas de Xuntas de Goberno Local e de Plenos do novo mandato. Si queren ver os anteriores hai que solicialos.

O voceiro do grupo BNG di que nada que dicir, que estamos de acordo cos nomeamentos.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

DAR CONTA DA CONSTITUCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS. Expediente 587/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"CONSTITUCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Dase conta dos escritos dos distintos concelleiros electos en relación cos grupos municipais ó abeiro do establecido nos artigos 23 e 24 do ROF e artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, que son os seguintes:

Grupo municipal socialista:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, portavoz.
Dona Paula Campo Barral, portavoz suplente
Don Carlos Plácido Buján López
Dona Laura Ageitos Miragaya
Don Iván Morado Corral
Dona Ainara Pérez Losada.
Dona María Pilar Vázquez Ares

Grupo municipal do partido popular de Guitiriz:

Don Xosé María Teixido Núñez, portavoz.
Don Francisco José Penas Pardo, portavoz suplente
Don Angel Seoane Lamela, portavoz suplente
Dona María Manuela Carballeira García
Dona Mónica Vázquez Lago

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

Don Xosé Lois González Souto, portavoz.

O Sr. Secretario informa o seguinte en relación cos grupos municipais, grupo mixto e concelleiros non adscritos (no mesmo sentido que na sesión plenaria organizativa de data 2/07/2015):

"O artigo 74.4 da Lei de Administración Local de Galicia de 1997 dispón que os membros que non obtiveran un mínimo e 2 escanos integranse no grupo mixto, polo que de acordo con esta norma autonómica non sería legal a

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

constitución de grupos municipais con so un concelleiro.

Se ben, dende o punto de vista da lexislación básica estatal (artigo 73.3 da Lei de Bases de réxime local, na redacción dada pola reforma do ano 2003) e da xurisprudencia na materia, o grupo mixto non existiría xa como tal e se os concelleiros non se integran en ningún grupo municipal serían considerados como “concelleiros non adscritos” a ningún grupo; o que implicaría que a pertenza a un grupo, configurado como un dereito-deber dos concelleiros, conlevaría a posibilidade de constituírse grupos municipais con un so concelleiro, postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional (artigo 23.2 CE) de participación política (tanto nos plenos como nas comisións informativas).

Non obstante, na comunidade autónoma de Galicia, en tanto en canto o citado artigo 74.4 da Lei de Administración Local de Galicia de 1997 non sexa revisado e adaptado á lexislación estatal básica e á xurisprudencia, ou ben declarado inconstitucional, debería aplicarse o mencionado artigo que regula o grupo mixto por ser unha norma vixente (pese as contradicións sinaladas e os problemas que pode conlevar na práctica).

En calquera caso, corresponderá ao Pleno da Corporación (STS) pronunciarse motivadamente ao respecto, considerando constituído o grupo mixto co concelleiro do BNG que so ten un escano (ex artigo 74.4 da Lei galega), considerándoo membro non adscrito a ningún grupo (ex artigo 73.3 da Lei básica estatal), ou considerando constituído o grupo municipal do BNG cun so concelleiro (postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional de participación política compatible co artigo 73.3 da Lei estatal básica”).

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Considerar constituídos os seguintes 3 grupos municipais no Concello de Guitiriz admitindo como grupo municipal ao concelleiro que so obtivo un escano nas pasadas eleccións locais, seguindo os precedentes desta Corporación e a postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional de participación política (artigo 23.2 CE) compatible co artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, que é lexislación estatal básica ao amparo do artigo 149.1.18 CE:

Grupo municipal socialista:

Dona María Sol Morandeira Morandeira, portavoz.

Dona Paula Campo Barral, portavoz suplente

Don Carlos Plácido Buján López

Dona Laura Ageitos Miragaya

Don Iván Morado Corral

Dona Ainara Pérez Losada.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Dona María Pilar Vázquez Ares

Grupo municipal do partido popular de Guitiriz:

Don Xosé María Teixido Núñez, portavoz.
Don Francisco José Penas Pardo, portavoz suplente
Don Angel Seoane Lamela, portavoz suplente
Dona María Manuela Carballeira García
Dona Mónica Vázquez Lago

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

Don Xosé Lois González Souto, portavoz."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que non ten nada que engadir.

O voceiro do grupo BNG di que o BNG está a favor de que se teña en conta o noso grupo político cun so concelleiro electo, porque cremos na pluralidade de opinións e consideramos este feito como beneficioso para toda a cidadanía do Concello de Guitiriz, porque somos da opinión de que todos temos que ter voz e voto, tanto a hora de gobernar como de fiscalizar e facer unha oposición construtiva o longo de toda a lexislatura.

A Sra. Alcaldesa di que este grupo municipal tamén esta a favor diso, que non tivo ningún problema en constituír a este grupo municipal cun membro.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que hai un incremento do grupo do BNG, pasase dos 80 a 90 euros, e se baixo a aportación por concelleiro de 20 a 15 euros, tendo mais vantaxes para o BNG que para outro grupo.

A Sra. Alcaldesa di que de tódalas maneiras a vantaxe e para todos os grupos por igual xa que o incremento sae por igual para todos os grupos, non habendo distinción entre eles.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expediente 590/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva,

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Considerando o disposto do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 46.2).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes. En virtude do regulado no artigo 210.2).a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses. O artigo 211 da Lei de Administración Local de Galicia dispón que será o Pleno quen determinará a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último xoves dos meses impares ás 19.30 horas, logo de convocatoria da Sra. Alcaldesa. Para o suposto de que coincida cun día festivo ou non laborable, celebrarase o día hábil anterior ou posterior.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o primeiro e o terceiro mércores de cada mes ás 10.30 horas, na alcaldía, previa convocatoria realizada pola Alcaldía. Excepcionalmente (períodos vacacionais, Semana Santa, Nadal, cando o día fixado sexa festivo, ou por motivos do servizo) a Alcaldía poderá adiantar ou pospoñer a súa celebración.

TERCEIRO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín oficial da Provincia."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que mantense a mesma forma que na anterior lexislatura.

O voceiro do grupo BNG di que continuase na mesma liña que na anterior lexislatura. Dende o BNG pedímoslle ao novo equipo de goberno que informe e facilite a documentación a oposición coa antelación necesaria e obrigatoria para preparar os asuntos do Pleno e se pode ser evitar os Plenos urxentísimos que tiñamos na pasada lexislatura.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que se eviten eses Plenos urxentísimos xa que supoñen un custe para as arcas municipais e por outro lado non da tempo a mirar as cousas como hai que miralas.

A Sra. Alcaldesa di que intentaremos facilitar a todos os grupos políticos para que conten coa información necesaria con tempo suficiente e dende logo co que marca a Lei, e evitar eses Plenos atropelados.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS. Expediente 588/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

De conformidade co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto ou estudo, informe e consulta dos asuntos a someter á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

A teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, constituiranse comisións de estudo, Informe e Consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ó Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representación no Concello. O citado artigo 66.2 prevé o voto ponderado se o número de membros de cada grupo é o mesmo.

En virtude do establecido non artigo 212.1 da antedita lei autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das comisións de estudo, informe e consulta será determinado polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza a alcaldía, segundo se sinala non artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

De conformidade co disposto nos artigos 123 e 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que a aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

extraorxamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente para o estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno, así como de seguimento da xestión da Alcaldía e da Xunta de Goberno:

1.- Comisión de Asuntos do Pleno: que se reunirá previa convocatoria nos termos legais ás 13:30, formada por 6 membros máis a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, coa seguinte composición de acordo coa proporcionalidade do Pleno:

Grupo municipal socialista: 3 concelleiros/as

Grupo popular: 2 concelleiros/as

Grupo Bloque Nacionalista Galego: 1 concelleiro

2.- Comisión Especial de Contas: que se reunirá previa convocatoria nos termos legais ás 13:30 horas, formada por 6 membros máis a Presidencia da mesma que corresponde á Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, coa seguinte composición de acordo coa proporcionalidade do Pleno:

Grupo municipal socialista: 3 concelleiros/as

Grupo popular: 2 concelleiros/as

Grupo Bloque Nacionalista Galego: 1 concelleiro

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP pregunta se hai que nomear titular e suplente agora ou despois. Ao longo da semana próxima pasaremos os datos dos titulares e suplentes.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo.

A Sra. Alcaldesa di que atendeu unha petición que me fixeron para que nas comisións puideran participar dous concelleiros/as do grupo do PP, e por nós non hai ningún problema.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

DELEGACIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Expediente 589/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"DELEGACIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Considerando o disposto do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz0:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación:

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP pregunta se hai que nomear titular e suplente agora ou despois. Ao longo da semana próxima pasaremos os datos dos titulares e suplentes.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo.

A Sra. Alcaldesa di que atendeu unha petición que me fixeron para que nas comisións puideran participar dous concelleiros/as do grupo do PP, e por nós non hai ningún problema.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

APROBACIÓN RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓNS E GRUPOS POLITICOS. Expediente 593/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

"APROBACIÓN RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓNS E GRUPOS POLITICOS

A proposta da alcaldía de data 29/06/2015 á que da lectura o secretario na súa parte dispositiva é a seguinte:

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Visto o informe de intervención de data 01/07/2019.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Que os señores concelleiros/as percibirán as seguintes retribucións por asistencia aos órganos colexiados da Corporación:

- a) Asistencia a Plenos: 60 euros
- b) Asistencia a Xuntas de Goberno Local: 50 euros
- c) Asistencia a Comisións informativas: 40 euros

SEGUNDO.- Aos efectos do establecido no artigo 75.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo nas polo conceptos e contías que se indican de seguido:

- Indemnización por dietas de manutención por viaxes oficiais (previa xustificación):
 - Dentro do termo municipal: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.
 - Fóra do termo municipal:
 - Media dieta: 30,00 €.
 - Dieta Completa: 60,00 €.
- Indemnización por aloxamento por viaxes oficiais (previa xustificación):
 - Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: 110,00 €.
 - No resto de España: 140,00 €.
 - Internacional: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Presupostos.

- Indemnización por desprazamento en vehículo propio: contía establecida no RD 462/2002, coa actualización producida pola Orde EHA/3770/2005 (0,19 € por Km percorrido)
- Indemnización por desprazamento en vehículo alleo: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.
- Indemnización por gastos de aparcamento e peaxe: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.

Para o abono das indemnizacións anteriores serán de aplicación as normas de devengo recollidas no RD 462/2002.

En todo o non regulado neste acordo será de aplicación supletoria o establecido no RD 462/2002.

TERCEIRO.- Determinar as seguintes asignacións mensuais aos grupos políticos: 90 euros por grupo máis 15 euros por cada concelleiro/a.

De conformidade co establecido no artigo 73.3 LBRL, no que se establece que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación asignada a eles e que porán a disposición do pleno sempre que lle pida, o Pleno da Corporación asume a fiscalización das devanditas asignacións económicas.

CUARTO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín oficial da Provincia."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que en canto as indemnizacións por asistencia ao Pleno seguen manténdose os 60 €, cando os salarios dos/as concelleiros/as si que se incrementaron. Non sei se lle parece lóxico ese importe de 60 € ou se debería incrementar?

O voceiro do grupo BNG di que son as mesmas que fai catro anos, vemos positivo que se manteñan esas retribucións mensuais para os grupos políticos porque aínda que no noso caso do BNG e a mais pequena por ter un so concelleiro permítenos facer o traballo do grupo político.

A Sra. Alcaldesa di que pódese someter a votación a emenda para subir no mesmo porcentaxe que se incrementaron os soldos as indemnizacións que percibirán os concelleiros/as por asistencia aos órganos colexiados da Corporación.

O voceiro do grupo BNG di que a retribución por asistencia ao Pleno non me supón nada, xa que e unha dieta, si non no estaría aquí, eu propoñería incrementar as asignacións aos grupos políticos.

A Sra. Alcaldesa aclara que non levan as mesma asignación o BNG, PP e PSOE, xa que por

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

grupo político engloba unha asignación por grupo e outra por concelleiro/a, entón a mesma non leva, que quede claro que os grupos cobran unha asignación fixa e unha por cada concelleiro/a.

A Sra. Alcaldesa propón aprobar unha emenda para incrementar a asistencia a Pleno en 75 €, a Xunta de Goberno Local en 60 € e a da Comisión Informativa en 50 €. Como os membros do equipo de goberno non van cobrar neses casos os beneficiados serían os concelleiros da oposición.

Sometida a votación a emenda do punto primeiro do grupo PP é aprobada por unanimidade, quedando a proposta de acordo da seguinte forma:

"PRIMEIRO.- Que os señores concelleiros/as percibirán as seguintes retribucións por asistencia aos órganos colexiados da Corporación:

- a) Asistencia a Plenos: 75 euros
- b) Asistencia a Xuntas de Goberno Local: 60 euros
- c) Asistencia a Comisións informativas: 50 euros

SEGUNDO.- Aos efectos do establecido no artigo 75.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo nas polo conceptos e contías que se indican de seguido:

- Indemnización por dietas de manutención por viaxes oficiais (previa xustificación):
 - Dentro do termo municipal: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.
 - Fóra do termo municipal:
 - Media dieta: 30,00 €.
 - Dieta Completa: 60,00 €.
- Indemnización por aloxamento por viaxes oficiais (previa xustificación):
 - Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: 110,00 €.
 - No resto de España: 140,00 €.
 - Internacional: contía establecida para o grupo 1 no Anexo II do RD 462/2002, coa actualización producida pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.
- Indemnización por desprazamento en vehículo propio: contía establecida no RD 462/2002, coa actualización producida pola Orde EHA/3770/2005 (0,19 € por Km percorrido)

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

- Indemnización por desprazamento en vehículo alleo: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.
- Indemnización por gastos de aparcamento e peaxe: polo importe efectivamente abonado, previa aportación de documentación xustificativa do gasto realizado.

Para o abono das indemnizacións anteriores serán de aplicación as normas de devengo recollidas no RD 462/2002.

En todo o non regulado neste acordo será de aplicación supletoria o establecido no RD 462/2002.

TERCEIRO.- Determinar as seguintes asignacións mensuais aos grupos políticos: 90 euros por grupo máis 15 euros por cada concelleiro/a.

De conformidade co establecido no artigo 73.3 LBRL, no que se establece que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación asignada a eles e que porán a disposición do pleno sempre que lle pida, o Pleno da Corporación asume a fiscalización das devanditas asignacións económicas.

CUARTO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín oficial da Provincia."

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

REXIME DE ADICACIONES DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expediente 592/2019.

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0,

Abstencións: 1, Ausentes:

0

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"REXIME DE ADICACIONES DOS CONCELEIROS DO EQUIPO DE GOBERNO

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Visto o informe de intervención de data 1/07/2019.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Establecer que o cargo de alcaldía-presidencia da Corporación sexa desempeñado con adicación exclusiva coas seguintes retribucións: 2.500 € mensuais brutos en 14 pagas.

SEGUNDO.- Establecer que os seguintes cargos sexan desempeñados con adicación parcial coas seguintes retribucións:

-Delegada de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 50%, debendo adicar un mínimo de 20 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.250 € en 14 pagas.

-Delegada de Benestar social: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 70%, debendo adicar un mínimo de 28 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.750 € en 14 pagas.

-Delegado de Coordinación de obras e servizos nas parroquias: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas.

-Delegado de Xuventude e Deportes: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas.

-Delgada de Cultura: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas.

-Delegada de Turismo: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas.

TERCEIRO.- As adicacións parciais terán efectos retroactivos dende a data en que os/as concelleiros/as delegados/as aceptaron os seus cargos e comezaron a exercelos (20/06/2019) de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, polo que se procederá a darlos de alta na seguridade social con efectos de data 20/06/2019.

CUARTO.- As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que estamos ante o maior incremento de salarios no Concello de Guitiriz pasando de 53.900 € a 112.000 que se van a

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

cobrar, e dicir, case mais do dobre. Supoño que con estes soldos non se cobrara, como pasou nalgunha Corporación anterior do grupo socialista por ir a misas, eventos etc. Como se pode observar todos os concelleiros/as teñen soldos de alcalde de 2.500 €, en función da porcentaxe da adicación. Obsérvase un incremento dos soldos dos/as concelleiros/as que pasan de 475 € a 625 €. Esperamos que exista un control dos horarios dos/as concelleiros/as para que os cidadáns e os propios traballadores do Concello saiban a que hora poden acudir ao Concello.

A Sra. Alcaldesa di que si aos soldos do PP no ano 2011 se lles aplica o IPC dos anos que pasaron do 2011 ao 2019 sae a mesma contía mensual que nos acabamos de poñer este equipo de goberno, o único e que de aquela cobraban catro membros e deste cobran todos por asumir unhas responsabilidades. O alcalde do Partido Popular con dedicación parcial cobraba 2400 € e eu con dedicación exclusiva cobrarei 2500 €, e pasaron oito anos. As cantidades actuais son chamativas con respecto á Corporación anterior porque a anterior alcaldesa non cobraba do Concello xa que percibía unha pensión. En canto a que os salarios dos concelleiros/as referéncianse ao meu e porque estou segura que van traballar e me parece o mais xusto.

O voceiro do grupo BNG di que non vai opinar de momento dos salarios que se puxeron, estamos a tempo de facelo, queremos ver mais adiante o resultado do seu traballo, porque igual merecen eses salarios, que por certo son récord dos gobernos que pasaron polo Concello. Agora os que teñen que opinar son os/as veciños/as do concello de Guitiriz, que para iso os puxeron no sitio que están. No BNG entendemos que teñen que traballar moitísimo para que sexa beneficioso o que van cobrar, o anterior equipo de goberno cobraba 53.900 € ao ano e non se veu reflectido no crecemento de Guitiriz, están poñendo o listón moi alto para convencer a todos/as veciños/as desta subida do 107%.

A Sra. Alcaldesa di que ese porcentaxe é enganoso polo que dixen antes.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que nosoutros non cobrabamos por ir as misas, etc, non cobrabamos dietas ningunha, non existe ningún documento nos catro anos que gobernamos no que apareza algunha dieta. As viaxes protocolarias que efectivamente hai que facer, facíanse a conta do soldo que tiña asignada cada persoa.

O voceiro do grupo BNG di que opinaremos dentro dun certo tempo porque esta claro que todo traballo ten que ter unha remuneración.

A Sra. Alcaldesa di que está claro que polo traballo que se fai hai que cobrar, e que como todos somos moi demócratas non imos enganar ao Concello e que non imos pasar unhas dietas que non se fan. Presupoño que os demais teñen a mesma honradez que teño eu, e si lle paso ao Concello unha dieta será o que exactamente gastei. Estou segura que anterior alcaldesa optou por cobrar a pensión para non ser gravosa para o Concello. En relación a pregunta do voceiro do grupo popular, por suposto que haberá un organigrama cos horarios, e por si eu ou a tenente de alcalde non estivera, sempre haberá alguén disposto. Como ven dixo vostede e moi importante escoitar, por iso cando puxemos os soldos dos concelleiros/as recordei a alguén que dixo unha vez que por 400 € non vale a pena estar aquí, pasando horas no Concello.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 12 votos a favor dos grupos PSOE e PP (maioría absoluta) e 1 abstención do grupo BNG.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO. Expediente 591/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de alcaldía que se somete a consideración do Pleno é a seguinte:

"NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

En cumprimento do establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Guitiriz:

PRIMEIRO.- Designar os seguintes representantes do concello nos seguintes organismos:

1.-Asociación desenvolvemento comarca Terra Cha. GDR-2 Terra Chá:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira

Suplente: Dona Paula Campo Barral

2.- Asociación impulsora do pacto territorial emprego:

Titular: Dona Paula Campo Barral

Suplente: Don Iván Morado Corral

3.-IES Poeta Díaz Castro:

Titular: Dona Laura Ageitos Miragaya

Suplente: Dona Ainara Pérez Losada

4.- CEIP Guitiriz:

Titular: Dona Ainara Pérez Losada

Suplente: Don Iván Morado Corral

5.- CEIP Parga:

Titular: Don Carlos Plácido Buján López

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Suplente: Dona María Pilar Vázquez Ares

6.-Consortio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar:

Titular: Dona Laura Ageitos Miragaya

Suplente: Dona Paula Campo Barral

7.- Rede Española de Cidades polo Clima:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira

Suplente: Don Carlos Plácido Buján López

8.- Asemblea da Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira

Suplente: Don Iván Morado Corral

9.Presidencia da Mesa Local de Comercio:

Titular: Dona María Sol Morandeira Morandeira

Suplente: Dona Paula Campo Barral

10. Representante do Concello na Mesa Local de Comercio:

Titular: Dona Paula Campo Barral

Suplente: Don Iván Morado Corral

11. Representante político no Fondo Galego de Cooperación e solidaridade:

Titular: Dona Laura Ageitos Miragaya

Suplente: Dona Paula Campo Barral

Representante técnico: Dona Rocío Fanego Miragaya, educadora familiar do Concello.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo ós órganos respectivos."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que non imos utilizar a quenda, imos votar a favor.

O voceiro do grupo BNG di que tampouco.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178